

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

ORDE do 23 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono consolida economía social e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2026 (código de procedemento TR802L).

A Constitución española establece no seu artigo 40 a obriga dos poderes públicos de promover as condicións favorables para o progreso social e económico e, de maneira especial, de realizar unha política orientada ao pleno emprego.

Neste senso, conforme o disposto no artigo 30.I.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos do disposto no artigo 149.1.13 da Constitución española, a competencia exclusiva para o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia.

Considerando este contexto, aprobouse a Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, que a través dunha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que a integran, ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsar as devanditas entidades para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, o seu crecemento e a súa influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.

En concreto, no capítulo IV da lei, especificamente no seu artigo 14, recóllense os obxectivos da política de fomento e difusión da economía social que debe levar a cabo o sector público autonómico, como son, entre outros, a promoción da participación das entidades da economía social nas políticas activas de emprego, en especial, nas dirixidas a mulleres, xuventude, persoas desempregadas de longa duración, persoas con discapacidade e persoas en risco ou en situación de exclusión social; o impulso e a dinamización do autoemprego, do emprendemento de base cooperativa e da colaboración empresarial; ou o fomento dos procesos de mellora da competitividade e da internacionalización das entidades da economía social, integrando a promoción de sistemas de produción e servizos eficaces cos obxectivos sociais de cara á súa consolidación no tecido económico.

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxsywdv3



En definitiva, as empresas de economía social teñen demostrado a súa capacidade de resistencia ás crises, de creación de emprego estable e de calidade, de vinculación co territorio e de mellora do benestar social, polo que resulta procedente facilitar a súa consolidación como un dos factores que pode permitir a existencia de estruturas permanentes de emprego de calidade.

A consolidación das entidades de economía social é crucial nestes tempos de crise con altos índices de inflación e de tipos de xuro que dificultan a capacidade de financiamento das empresas e, polo tanto, dos novos proxectos que permitirían mellorar e consolidar a súa actividade económica. Faise necesario fortalecer a economía social, mediante axudas que apoien a súa consolidación, con fórmulas amparadas polas excepcións do artigos 107, punto 3, letras b) e c) do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE), fórmulas que, por unha banda, tratan de facilitar o desenvolvemento e a consolidación da economía social nun contexto económico de alza de prezos xeneralizado, ao tempo que se garante o mantemento dun emprego de calidade.

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, dispón que unha das consellerías que a integra é a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e de acordo coa disposición transitoria deste decreto, mentres non se proceda ao desenvolvemento da estrutura contida neste, os órganos superiores e de dirección existentes manterán a súa estrutura e as súas funcións. Polo tanto, segundo o establecido no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndenlle á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social as competencias na comunidade autónoma en materia de cooperativismo e economía social.

Por iso, mediante esta orde apóiase a consolidación das entidades da economía social co obxectivo de contribuír ao seu incremento da produtividade e a unha mellora competitiva con especial incidencia na transformación dixital e na eficiencia enerxética.

No que respecta ao procedemento de concesión, establécese a concorrência non competitiva, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tendo en conta que a finalidade e o obxecto da subvención é o fomento da consolidación das entidades da economía social de Galicia, que redundará directamente nun beneficio social e económico xeral, non se considera necesario facer unha prelación das solicitudes presentadas, pois todas as entidades en que concorran os requisitos esta-

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxsywdv3



blecidos na convocatoria acadan a dita finalidade por igual. Ademais, prevese a suficiencia do crédito para atender a totalidade das solicitudes que se poidan presentar.

As subvencións reguladas nesta orde finánciase con cargo a fondos finalistas do Estado procedentes do Servizo Público de Emprego Estatal e recóllense no Plan anual de políticas de emprego para o 2026 como un programa propio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xuño.

Por todo o exposto, unha vez consultado o Consello Galego de Cooperativas, logo dos informes da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, e autorizado polo Consello da Xunta de Galicia a eximir da constitución de garantías e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras do Programa de apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono consolida economía social e proceder á súa convocatoria para a anualidade 2026 (código de procedemento TR802L).

Este programa ten como finalidade apoiar a consolidación das entidades da economía social, así como reforzar a súa presenza no tecido económico de Galicia, con especial incidencia na transformación dixital e na mellora da eficiencia enerxética, contribuíndo ao impulso da súa actividade económica, incrementando a súa competitividade e, en definitiva, mantendo empregos de calidade.



Artigo 2. Normativa aplicable

As solicitudes, a súa tramitación e a súa resolución axustaranse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Artigo 3. Principios de xestión

A xestión deste programa realizarase de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de acordo cos seguintes principios:

1. Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
2. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
3. Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 4. Financiamento

1. As axudas previstas nesta orde fináncianse con fondos finalistas do Estado recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. A distribución inicial de crédito fíxase na convocatoria de subvencións que para a anualidade 2026 se establece no capítulo II desta orde. Os importes consignados poderán verse modificados ou incrementados como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

3. Poderase ampliar a contía máxima do crédito para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, así como dunha transferencia de crédito, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.



Así mesmo, de producirse remanentes de crédito na asignación inicial para o financiamento de cada aplicación orzamentaria, poderanse reasignar as contías sobrantes para atender as necesidades de crédito.

As ampliacións e as reasignacións levaranse a cabo, logo das modificacións orzamentarias que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria, todo iso de acordo co artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Artigo 5. *Entidades beneficiarias e condicións para a obtención do incentivo*

1. Poderanse acoller ás subvencións recollidas nesta orde as seguintes entidades, de entre as previstas no artigo 6 Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia: sociedades cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego. Estas entidades deberán cumprir os seguintes requisitos na data de presentación da solicitude de axuda:

a) Figurar inscritas como tales nos seus correspondentes rexistros administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, deberán estar ao día no cumprimento de todas as súas obrigas legais referidas á presentación de documentos e inscrición de acordos sociais nos rexistros competentes no momento de presentación da solicitude.

b) Ter presentadas as contas anuais do último ano, no Rexistro Mercantil, no Rexistro de Cooperativas ou no Rexistro de Fundacións, segundo corresponda á súa forma xurídica.

c) No caso de centros especiais de emprego que teñan forma xurídica de asociación, deberán ter aprobado o balance e conta de resultados pola súa Asemblea Xeral.

d) Acreditar unha antigüidade de 42 meses, que se computará desde a data de inscrición da entidade solicitante no correspondente rexistro administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia. Excepcionalmente, tamén poderán ser beneficiarias aquelas cooperativas que, estando actualmente inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia, acrediten ter estado inscritas no Rexistro Central de Cooperativas do Ministerio de Traballo e Economía Social cunha antigüidade de 42 meses e ter cambiado de ámbito.

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxswdv3



e) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

f) Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social para obter subvencións.

g) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

2. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias:

a) As entidades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) As entidades que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46.bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

c) As entidades que obtivesen unha resolución favorable de concesión de axudas ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono consolida economía social e se convoca para a anualidade 2025 (DOG núm. 28, do 11 de febreiro de 2025).

Artigo 6. *Conceptos subvencionables*

1. Equipamento informático.
2. Adquisición e desenvolvemento de software e páxinas web.
3. Márketing, comunicación ou relanzamento comercial.
4. Mellora na eficiencia enerxética.
5. Adquisición de equipamento.
6. Reforma do centro de traballo.



7. Mobiliario.

8. Obtención de certificacións de calidade.

9. Creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade.

10. Plan de protección de datos.

11. Elementos de transporte.

12. Actividades formativas para as persoas socias da entidade solicitante que estean dados de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA)

Os servizos descritos nos números 3, 8, 9, 10 e 12 deberán estar implantados ou realizados no período de execución.

Todos os investimentos deberán estar destinados aos centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Non serán subvencionables as facturas inferiores a 100 euros, sen IVE, por non ser contías relevantes para a consolidación destas entidades.

Artigo 7. *Contía das axudas*

A contía da axuda será equivalente ao 80 % do custo total dos gastos subvencionables, cos límites seguintes:

– 5.000 €, para cada un dos gastos incluídos nos conceptos 3, 8, 9 e 10 do artigo 6.

– 600 €, para cada actividade formativa, das incluídas no concepto 12 do artigo 6, que realice cada persoa socia da entidade que estea de alta no réxime especial de traballadores autónomos.

O límite máximo das axudas establécese en 30.000 € por cada entidade solicitante. No caso de que se solicite unha contía superior concederáse de acordo coa orde de prelación establecida no artigo 6 desta orde.

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-eny8-kf18-jba6qxsywdv3



Artigo 8. Definicións

Para os efectos desta orde entenderase por:

a) Equipamento informático: considérase equipamento informático, para os efectos desta orde, os aparellos electrónicos e servizos anexos que posibiliten unha maior eficiencia no procesamento, almacenamento e visualización da información. Entre outros, considéranse: as tabletas, os ordenadores persoais de sobremesa, os ordenadores portátiles ou similares, os equipamentos de rede, os servidores, conexión á internet (instalación), os escáneres e similares, sempre que se destinen exclusivamente ao desenvolvemento da actividade económica da entidade solicitante.

En ningún caso se consideran subvencionables os teléfonos móbiles e smartphones nin os recibos mensuais relativos a calquera servizo de conexión á internet.

b) Adquisición e desenvolvemento de software e páxinas web: adquisición da propiedade ou do dereito ao uso de programas informáticos, incluída a subscrición a software estándar do mercado durante o período subvencionable. Tamén inclúe os gastos de creación e desenvolvemento de programas informáticos a medida e páxinas web, sempre que a súa utilización estea prevista durante varios exercicios. Terase especial coidado para garantir a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes e, en concreto, a utilización non sexista da linguaxe e das imaxes, especialmente no ámbito da publicidade.

c) Márketing, comunicación ou relanzamento comercial: serán subvencionables os gastos relativos á publicidade impresa, en medios (prensa, radio, tv), nas redes (redes sociais, barners ou similares), nas vaías publicitarias, nas marquesiñas e no *merchandising*, entre outros. Terase especial coidado para garantir a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes e, en concreto, a utilización non sexista da linguaxe e das imaxes, especialmente no ámbito da publicidade.

d) Mellora na eficiencia enerxética: toda aquela compra inicial ou cambio de produtos e instalacións que reduzan o consumo enerxético, o que vai desde o cambio de sistemas de iluminación a cambios de maquinaria e instalacións.

Investimentos para a substitución de combustibles fósiles ou os materiais críticos ou escasos: enténdese por tal o cambio de máquinas e instalacións de enerxías fósiles a enerxías limpas.

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxsywdv3



e) Adquisición de equipamento: maquinaria, bens de equipo ou ferramentas mediante as que se mellore o proceso produtivo. Está incluído tanto o equipamento novo como o adquirido no mercado de segunda man.

Exclúese a adquisición de bens e servizos que poidan ser considerados como mercado-ría pola que a empresa obteña beneficios segundo a súa actividade.

f) Reforma do centro de traballo: reformas que se realicen nun dos centros de traballo da entidade situado na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as obras de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica que consisten normalmente en simples reparacións, decoracións ou ornatos (incluída a rotulación) que non modifican a estrutura construtiva do local. Será subvencionable tanto a obra nova como a reforma, sempre que estea comprendida dentro do recinto do centro de traballo da entidade. Non se considera local de negocio o domicilio habitual da persoa traballadora autónoma.

g) Mobiliario: conxunto de mobles que serven para a actividade normal da empresa como mesas, cadeiras, andeis, mostradores e vitrinas.

h) Obtención de certificacións de calidade: elaboración de procedementos, informes e documentación aparelados a unha certificación de calidade que mellore a imaxe dos produtos e dos servizos da solicitante, favorezan o seu desenvolvemento e afiancen a súa posición no mercado, acadando con isto unha vantaxe competitiva. Inclúese tanto a primeira certificación como a renovación, sempre que sexa no período de execución. Non serán subvencionables nin os plans de igualdade nin os plans de responsabilidade social empresarial.

i) Creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade: creación das imaxes, nomes, marcas e, en xeral, o conxunto de elementos que serven para conformar a identidade externa da empresa ou negocio. Terase especial coidado para garantir a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes e, en concreto, a utilización non sexista da linguaxe e das imaxes, especialmente no ámbito da publicidade.

j) Plan de protección de datos: documento que recolle o conxunto de medidas necesarias para adaptar a entidade á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD) e ao Regulamento Europeo de Protección de datos (RGPD) 2016/679. Só será subvencionable a elaboración do plan, non o seu mantemento.

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxswdv3



k) Elementos de transporte: vehículos de todas as clases afectos á actividade económica da entidade beneficiaria e utilizables para o transporte de persoas, animais, materiais ou mercadorías, que incorporen a identidade da solicitante nun lugar visible. Tamén se deberán cumprir as obrigas de difusión do artigo 24.g). Están incluídos os elementos de transporte novos e os adquiridos no mercado de segunda man. O concepto subvencionable inclúe o prezo de adquisición do elemento de transporte, o seguro de accidentes e os impostos que sexan subvencionables de conformidade co artigo 31.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Segundo o establecido neste precepto, en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos (IVE) cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

l) Formación para as persoas socias RETA: actividades formativas que se impartan na modalidade presencial ou de teleformación, a través dunha entidade externa, co obxecto de que a persoa socia dada de alta no RETA, participante nesa actividade formativa, adquira coñecementos e habilidades en relación co traballo que desenvolve na entidade. Deberase prever a inclusión de criterios de conciliación da vida familiar, laboral e persoal á hora de impartir esta.

Queda excluída aquela formación que supoña o cumprimento de obrigas legais empresariais en materia preventiva a que fai referencia o artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

m) Entidade sen fin de lucro: aquela sociedade cooperativa, sociedade laboral, empresa de inserción ou centro especial de emprego que conste inscrita con este carácter no Rexistro de Cooperativas de Galicia, no Rexistro de Sociedades Laborais de Galicia, no Rexistro de Empresas de Inserción de Galicia ou no Rexistro de Centros Especiais de Emprego de Galicia, segundo corresponda á súa forma xurídica.

Artigo 9. *Adecuación á normativa de axudas de Estado*

1. No caso de que as entidades beneficiarias sexan cooperativas ou sociedades laborais, as axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos establecidos nos seguintes regulamentos, segundo o sector ao cal pertencen as entidades beneficiarias e o ámbito da súa actividade que proceda:

a) Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axu-



das *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá de 300.000 euros durante os tres anos previos.

b) Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 50.000 euros durante os tres anos previos.

c) Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 40.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

2. Os límites máximos indicados no punto anterior aplícanse a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto *de minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

Para os efectos das normas en materia de defensa da competencia establecidas no Tratado, debe entenderse por «empresa» calquera entidade que exerza unha actividade económica, con independencia da súa natureza xurídica e do seu modo de financiación. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditaminou que todas as entidades que estean controladas de feito e de dereito por unha mesma entidade deben considerarse unha única empresa.

As subvencións suxeitas ao réxime *de minimis* consideraranse compatibles co mercado interior, sempre e cando as axudas respecten os importes máximos de concesión previstos no regulamento correspondente.

Neste sentido é imprescindible ter en conta o concepto de «única empresa» recollido nos ditos regulamentos para os efectos da acumulación de axudas.

Así, «única empresa» inclúe todas as empresas que teñan, polo menos, un dos seguintes vínculos entre si:

a) Unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto das persoas accionistas ou persoas socias doutra empresa.



b) Unha empresa ten dereito a nomear ou destituír a maioría dos membros de administración, dirección ou control doutra empresa.

c) Unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato asinado con ela ou dunha cláusula estatutaria da segunda empresa.

d) Unha empresa, accionista ou asociada a outra, controla en solitario, en virtude dun acordo asinado con outras persoas accionistas ou persoas socias destas últimas, a maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas.

As empresas que manteñan algunha das relacións previstas nas letras a) a d) a través de outra ou outras empresas tamén terán a consideración de empresa única.

3. Noutro caso, se entidades beneficiarias son empresas de inserción ou centros especiais de emprego, é preciso ter en conta que están declaradas como entidades prestadoras de servizos de interese económico xeral (SIEEX), de conformidade co artigo 5.4 da Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, segundo a redacción dada pola Lei 31/2025, do 9 de setembro, pola que se modifica e actualiza a normativa en materia de autoemprego e se adoptan medidas de fomento e promoción do traballo autónomo e da economía social (BOE núm. 217, do 10 de setembro), quedando sometidas ao Regulamento (UE) nº 2023/2832 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* concedidas a empresas que prestan servizos de interese económico xeral (SIEEX). O importe total das axudas *de minimis* concedidas por un Estado membro a unha única empresa que preste servizos de interese económico xeral non excederá os 750.000 euros durante calquera período de tres anos.

As axudas a centros especiais de emprego e a empresas de inserción, como compensación pola prestación de servizos de interese económico xeral, son compatibles co mercado interior, non constitúen axudas de Estado e están exentas da obriga de notificación establecida no artigo 108.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE), dado que cumpren os criterios establecidos na Decisión da Comisión 2012/21/UE, do 20 de decembro de 2011, relativa á aplicación do artigo 106, punto 2, do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas estatais en forma de compensación por servizo público concedidas a algunhas empresas encargadas da xestión de servizos de interese económico xeral (DOUE L núm. 7, do 11 de xaneiro de 2012).



O parámetro establecido para determinar a compensación económica pola prestación do servizo de interese económico xeral é o 80 % do custo total dos gastos subvencionables do artigo 6, cos límites seguintes:

- 5.000 € para cada un dos gastos incluídos nos conceptos 3, 8, 9 e 10 do artigo 6.
- 600 € para cada actividade formativa, das incluídas no concepto 12 do artigo 6, que realice cada persoa socia da entidade que estea de alta no réxime especial de traballadores autónomos.

O límite máximo das axudas establécese en 30.000 € por cada entidade solicitante.

Estas contías sufragan parte dos gastos ocasionados aos centros especiais de emprego e ás empresas de inserción pola prestación dos servizos de interese xeral. Por tratarse de contías previamente determinadas, que en ningún caso poderán exceder o custo económico dos servizos prestados, non resulta necesario establecer parámetros para evitar e recuperar posibles compensacións excesivas, agás a comprobación da concorrencia e compatibilidades das subvencións.

Artigo 10. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda. Se a emenda deste concreto defecto (presentación presencial da solicitude) se realiza unha vez transcorrido o prazo indicado na convocatoria da subvención para a presentación de solicitudes, o órgano competente ditará unha resolución na cal se desestimarán a solicitude por presentarse fóra do prazo, de acordo co artigo 23 en relación co artigo 20.2 letra g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



2. As entidades solicitantes deberán presentar unha única solicitude, que deberá estar acompañada da documentación complementaria sinalada nesta orde.

3. A presentación da solicitude supón a aceptación das obrigas reguladas nesta orde para ser entidade beneficiaria da axuda, así como a aceptación da axuda.

Artigo 11. *Documentación complementaria*

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Cando se actúe mediante representación, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da persoa representada, agás inscrición no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia.

b) No caso de estar realizado o servizo, ou feito o investimento, a correspondente factura; de non ser así, o orzamento ou a factura *pro forma*.

De conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía prevista para o contrato menor no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a entidade interesada deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes persoas físicas ou xurídicas provedoras, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberán achegar coa solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A persoa ou a entidade solicitante deberá presentar unha declaración responsable de persoas e empresas vinculadas na cal acredite que as ofertas presentadas non corresponden a empresas vinculadas á solicitante nin a persoas relacionadas con esta ata o 4º grao de consanguinidade ou afinidade.

c) Certificación acreditativa de ter presentadas no rexistro correspondente ou aprobadas pola Asemblea xeral, segundo corresponda, as contas anuais do último exercicio, agás no suposto das cooperativas, que se comprobará de oficio.

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxswdv3



d) Breve memoria explicativa dos investimentos que se van realizar coa solicitude da axuda. No caso de que a entidade solicitante teña máis dunha actividade económica deberá especificarse a cal delas van destinados os ditos investimentos, para os efectos de aplicar o réxime *de minimis* regulado no artigo 9 desta orde.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualiza-



da sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar tras a presentación das solicitudes do procedemento regulado nesta orde deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. *Emenda das solicitudes*

Unha vez recibidas as solicitudes, a unidade administrativa encargada da instrución do expediente comprobará se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fai, se considerará a entidade interesada desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda. Se a emenda deste concreto defecto (presentación presencial da solicitude) se realiza unha vez transcorrido o prazo indicado na convocatoria da subvención para a presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución na cal se desestimará a solicitude por presentarse fóra do prazo, de acordo co artigo 23 en relación co artigo 20.2 letra g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta fase completárase incorporando ao expediente a información rexistral da entidade solicitante segundo a documentación que consta na Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, así como as comprobacións no artigo 14.1 desta orde.

Artigo 14. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elabo-

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxsywdv3



rados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- c) DNI ou NIE da persoa representante.
- d) NIF da entidade representante.
- e) Alta no imposto de actividades económicas da entidade ou persoa solicitante.
- f) Certificación de atoparse ao día nas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- g) Certificación de atoparse ao día nas obrigas coa Atriga.
- h) Certificación de atoparse ao día nas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- i) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- j) Consulta de concesión de subvencións e axudas.
- k) Consulta de concesións pola regra *de minimis*.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio ou solicitude de pagamento, segundo corresponda, e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. A comprobación será realizada polo órgano competente en cada unha das fases de xestión, control e verificación das axudas.

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxxywdv3



Artigo 15. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 16. *Instrución do procedemento*

1. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, nos termos previstos no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, segundo o cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e a prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. O órgano instrutor dos expedientes será a Subdirección Xeral de Economía Social da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Artigo 17. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e de actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das



notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Resolución e recursos*

1. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia non competitiva.

En aplicación dos principios de eficacia e de eficiencia na asignación e na utilización de recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia, e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas. Non obstante, naqueles supostos en que se lles requira ás persoas solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou na documentación presentada, ou se presenten documentos posteriores, entenderase por rexistro de entrada da solicitude a data en que o dito requirimento estea correctamente atendido.

2. A competencia para resolver as solicitudes corresponderá, por delegación da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxsywdv3



3. O prazo máximo para resolver e notificar será de tres meses desde a presentación da solicitude pola persoa interesada, sen que poida superar o 31 de decembro de 2026. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. A resolución de outorgamento da subvención comprenderá a identificación da persoa beneficiaria, a contía da subvención e o seu carácter *de minimis*, facendo referencia expresa e completa ao Regulamento concreto *de minimis* que sexa de aplicación. Tamén comprenderá as obrigas que correspondan á persoa beneficiaria, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o calendario de execución.

Artigo 19. *Estimación parcial da solicitude*

No caso de que unha solicitude de axudas comprenda gastos ou investimentos para os que non exista crédito suficiente, poderase considerar parcialmente. De producirse a ampliación ou redistribución de créditos a que se refire o parágrafo 3 do artigo 4, poderanse atender as solicitudes que non puideron ser estimadas na súa integridade, por orde de presentación.

Artigo 20. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Artigo 21. *Pagamentos anticipados*

Realizaranse pagamentos anticipados das subvencións reguladas por estas bases, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

Os pagamentos anticipados concederanse logo de resolución motivada, de acordo co disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia e suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo a actuación subvencionada nos casos nos cales o gasto aínda non estea realizado. Este pagamento quedará suxeito ás seguintes condicións:

- a) Anticiparase o 90 % do importe da subvención concedida.
- b) As persoas beneficiarias quedarán exoneradas da constitución de garantía, conforme o establecido no artigo 65.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- c) O pagamento anticipado realizarase de oficio, agás oposición expresa da entidade interesada, que o deberá indicar no recadro correspondente habilitado no anexo I de solicitude de axuda.

Artigo 22. *Xustificación e pagamento*

1. O pagamento final das subvencións quedará condicionado á presentación da seguinte documentación:

- a) Anexo II de solicitude de pagamento.
- b) Facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento. En consonancia co disposto no artigo 6 desta orde, non se admitirán facturas por importe inferior a 100 euros, sen IVE.
- c) Documentación xustificativa dos gastos realizados:
 - Memoria explicativa das actuacións xunto con fotografías dos investimentos realizados, se é o caso. No caso da elaboración do plan de protección de datos, copia do plan elaborado, asinado electronicamente pola persoa prestadora do servizo. No caso das acti-



vidades formativas, a memoria describirá os contidos da formación, o calendario de actividades e o número de horas que se impartiron, así como a listaxe das persoas socias que a recibiron, desagregada por sexo, e a cualificación que estas obtiveron na avaliación da aprendizaxe.

- Gastos por reforma do local de negocio: fotografías dos investimentos realizados. Deberase entregar unha fotografía do local antes da reforma e outra feita despois.

d) Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 24.g) desta orde.

e) Breve documento explicativo do procedemento e da denominación desagregada (contas e subcontas, códigos ...) empregados para manter os gastos financiados de forma separada na contabilidade.

2. A presentación das solicitudes de pagamento realizarase unicamente a través de medios electrónicos na forma sinalada no artigo 12, no prazo que se sinale na convocatoria ou, de ser o caso, no que se fixe na resolución de concesión. Non obstante, se o prazo desde a notificación da resolución ata a data establecida como límite para xustificar resultase ser inferior a dez (10) días, o prazo será de dez (10) días contados desde a dita notificación.

3. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se achegase ante o órgano administrativo competente, este requirirá a entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de 10 días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

4. A solicitude de pagamento (anexo II) e a documentación exixida para a fase de xustificación poderá presentarse xunto coa solicitude de subvención, a opción da entidade interesada. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da subvención.

5. En canto á forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para estes efectos, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación sinalado na resolución de concesión da axuda.

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxxywdv3



6. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido nesta orde.

7. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as obrigas de facturación e deberán estar emitidas a nome da entidade solicitante ou beneficiaria dentro do prazo de execución establecido na convocatoria.

8. Só se admitirá como documentación xustificativa do pagamento dos gastos os documentos bancarios nos cales consten o número de conta e a titularidade das persoas ou entidades receptoras e emisoras dos pagamentos (que deberán coincidir coas persoas ou entidades beneficiarias das axudas), así como o concepto e o importe (IVE incluído) do pagamento. Os mesmos datos deberán constar no caso de xustificantes bancarios emitidos a través da internet. Os datos dos xustificantes bancarios de pagamento deberán coincidir exactamente cos da factura. Se o importe reflectido no documento bancario non coincide por existiren varios pagamentos agrupados, deberá presentarse un desagregamento onde poidan identificarse os pagamentos en cuestión.

Non se admitirán os pagamentos en efectivo nin os realizados con tarxeta bancaria.

9. A unidade administrativa responsable da instrución do programa analizará a documentación xustificativa acreditativa da realización da actividade obxecto da subvención e emitirá unha proposta de pagamento, que se elevará ao órgano competente para resolver, que será tamén o órgano competente para ordenar o pagamento.

10. O pagamento efectuarase de forma nominativa a favor das entidades beneficiarias e logo da acreditación dos gastos e pagamentos realizados, ata o tope máximo da contía inicialmente concedida como subvención.

11. Se da documentación presentada pola entidade beneficiaria queda xustificada unha contía inferior á da subvención inicialmente concedida, o pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Se a contía xustificada é inferior á anticipada procederá o reintegro das cantidades cobradas indebidamente, que a beneficiaria poderá ingresar de maneira voluntaria segundo o previsto no artigo 26.

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxsywdv3



12. En ningún caso poderá realizarse o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non figure ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e fronte a Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución declarativa de procedencia de reintegro.

Artigo 23. *Réxime de incompatibilidades e concorrencia*

As axudas previstas nesta orde serán incompatibles coas axudas que polos mesmos conceptos e gastos poidan outorgar as administracións públicas.

Artigo 24. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Son obrigas das entidades beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial as seguintes:

- a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración; así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou de control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se deberá achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e das obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.



f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Agás aquelas entidades beneficiarias que pola normativa vixente estean exentas da obriga de levar a cabo unha contabilidade, as entidades beneficiarias teñen a obriga de acreditar que levan unha contabilidade separada ou un código contable axeitado para os gastos obxecto da subvención.

g) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración con fondos recibidos polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE). De acordo con esta obriga, as entidades deberán anunciar no seu domicilio social e nos seus centros de traballo que están sendo subvencionadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o SEPE. Para isto incorporarán un rótulo visible ao público de tamaño mínimo A3 incluíndo o nome da entidade, o logotipo da Xunta de Galicia, o do SEPE e o do Ministerio de Traballo e Economía Social (non se admitirá o formato papel). No caso de adquisición de elementos de transporte afectos á actividade incorporárase a estes un rótulo cos mesmos requisitos indicados e cun tamaño mínimo A3 (29,7 x 42 cm). Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre o a axuda financeira recibida do SEPE.

Os rótulos non poderán ser de papel ou cartón, senón materiais máis resistentes e duradeiros, tales como pvc, metacrilato, madeira, vinilo, etc.

Os formatos que se utilicen serán os achegados pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, que constan na páxina web da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, na ligazón: <https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego>

h) Manter, polo menos durante un período de tres anos desde a data da resolución de concesión, unha forma xurídica de entre as elixibles para resultaren entidades beneficiarias da subvención concedida, así como a actividade empresarial.



O cumprimento desta obriga poderá ser comprobado, coa periodicidade que se considere oportuna, polo órgano competente en cada unha das fases de xestión, control e verificación.

Artigo 25. Reintegro e perda do dereito ao cobramento da subvención

1. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión, de acordo co procedemento e coas causas establecidas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, levará aparellada a obriga de devolver as cantidades percibidas.

2. Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións e das axudas concedidas no suposto de non estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

3. Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

4. De conformidade co artigo 14.1, letra n), da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe que se deba reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) A obtención da subvención falseando os datos, feitos ou documentación, así como as condicións requiridas para a concesión ou ocultando aquelas que o impedisen: reintegro do 100 % da subvención concedida.

b) O incumprimento da finalidade, requisitos e condicións exixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención: reintegro do 100 % da subvención concedida.

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxsywdv3



c) A resistencia, a escusa, a obstrución ou a negativa ás actuacións de comprobación previstas no artigo 24.c) desta orde, o incumprimento das obrigas contables, ou de conservación de documentos, previstas na letra f) do artigo 24, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado: reintegro do 100 % da subvención concedida.

d) O incumprimento da obriga en materia de publicidade previsto no artigo 24.g): reintegro do 2 % da subvención concedida.

Non obstante, no suposto de resultar aínda posible o cumprimento desta obriga, o órgano xestor deberá requirir a entidade beneficiaria para que incorpore o cartel, nun prazo non superior a 15 días, con expresa advertencia de que o seu incumprimento implicará o inicio do expediente declarativo da procedencia do reintegro.

e) A percepción doutras subvencións públicas, incompatibles coa subvención prevista nesta orde: reintegro do 100 % da subvención concedida.

f) O incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos, públicos ou privados, que financien as actividades subvencionadas: reintegro do 5 % da axuda concedida.

g) O incumprimento da obriga de mantemento da forma xurídica e actividade prevista no artigo 24.h): reintegro da parte proporcional da axuda.

Artigo 26. *Devolución voluntaria de subvencións*

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas e entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención, indicando expresamente a persoa e entidade beneficiaria da subvención e o número de expediente.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente unha memoria explicativa das circunstancias que dan lugar á devolución, con expresión das entidades afectadas, das datas e de calquera outra información relevante en relación



coas causas que orixinan a devolución. Así mesmo, deberá conter o detalle dos cálculos efectuados con indicación da contía que se devolve. Coa memoria deberase achegar a copia xustificativa do ingreso bancario realizado.

3. A devolución voluntaria non exclúe a reclamación dos xuros de demora cando se considere procedente o reintegro da subvención.

Artigo 27. *Seguimento e control*

1. Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento dos programas.

2. Para realizar as ditas funcións poderá utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas aos fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as persoas e as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

3. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento.

CAPÍTULO II

Convocatoria de subvencións para a anualidade 2026

Artigo 28. *Convocatoria*

Convócase para a anualidade 2026 a subvención para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono consolida economía social regulada polas bases contidas nesta orde.

Artigo 29. *Presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses, que comezará a contar a partir do oitavo día hábil seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, cunha hora de inicio ás 9.00 horas e unha hora de fin de prazo ás 20.00 horas, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito. No suposto de que antes de finalizar o prazo



de presentación de solicitudes se esgota o crédito establecido na convocatoria, o órgano concedente acordará a inadmisión de solicitudes e publicará tal circunstancia no DOG e na páxina web da consellería.

Artigo 30. *Período de execución das accións*

O período de execución de accións abranguerá desde o 1 de novembro de 2025 ata o 30 de outubro de 2026.

Os servizos e/ou os investimentos subvencionables deberán estar realizados no período de execución indicado e as facturas deberán estar emitidas no dito período ao igual que os plans, informes e demais entregables dos servizos desenvolvidos.

Artigo 31. *Xustificación das accións subvencionadas*

A data máxima de presentación da solicitude de pagamento e xustificación das accións subvencionadas será a sinalada na resolución de concesión e, de ser o caso, como máximo o 10 de novembro de 2026.

Artigo 32. *Financiamento*

O orzamento total das subvencións previstas nesta orde ascende a 2.730.000 €, que se financiarán con cargo ao código de proxecto 2021 00056, distribuído nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicacións	Orzamento
14.04.324C.470.9	150.000 €
14.04.324C.481.9	40.000 €
14.04.324C.770.9	2.300.000 €
14.04.324C.781.9	240.000 €
Total	2.730.000 €

O criterio de imputación dos gastos subvencionables ás aplicacións orzamentarias que financian esta orde é o seguinte:

Os conceptos subvencionables establecidos nos puntos 3, 8, 9, 10 e 12 do artigo 6 das bases reguladoras imputaranse ao crédito orzamentario 14.04.324C.470.9 se a entidade beneficiaria é unha entidade con ánimo de lucro ou imputarase ao crédito orzamentario 14.04.324C.481.9 se a entidade beneficiaria non ten fins de lucro.



O resto dos conceptos subvencionables regulados no artigo 6 das bases reguladoras imputaranse ao crédito orzamentario 14.04.324C.770.9 se a entidade beneficiaria é unha entidade con ánimo de lucro e imputarase ao crédito orzamentario 14.04.324C.781.9 se a entidade beneficiaria non ten fins de lucro.

Artigo 33. *Tramitación anticipada*

Esta convocatoria tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no cal se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto e tamén de conformidade coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, que posibilitan a tramitación anticipada dos expedientes de gasto no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vai imputar o correspondente gasto.

Deste xeito a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, no momento da resolución.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na persoa titular da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, para resolver a concesión ou a denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente cobradas, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación da persoa titular da consellería, segundo o establecido no artigo 6 da Orde do 29 de setembro de 2021 sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería.

Disposición adicional segunda. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2025

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-eny8-kf18-jba6qxsywdv3



PROCEDEMENTO BONO CONSOLIDA ECONOMÍA SOCIAL	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TR802L	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS							
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
PARROQUIA	LUGAR						
CONTACTO							
PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO				
CORREO ELECTRÓNICO							

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO I
(continuación)

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia- [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

☐ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

TITULAR DA CONTA

BIC

NÚMERO DA CONTA BANCARIA

OUTROS DATOS DA ENTIDADE

DATA DE INSCRICIÓN NO CORRESPONDENTE REXISTRO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ENTIDADE SEN ÁNIMO DE LUCRO

☐ SI☐ NON

ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)

CNAE (segundo relación
despregable)

PRINCIPAL

OUTRA

Seleccione

OUTRA

Seleccione

SECTOR ECONÓMICO (NACE) (segundo relación despregable)

PRINCIPAL

OUTRA

OUTRA

Seleccione

Seleccione

Seleccione

RECURSOS HUMANOS NA DATA DA SOLICITUDE (CENTROS DE TRABALLO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA)

	NÚM. DE HOMES	NÚM. DE MULLERES
Núm. de persoas traballadoras da entidade		
Núm. de persoas traballadoras con discapacidade da entidade		
Núm. de persoas traballadoras en situación de risco ou exclusión social da entidade		
Núm. de persoas traballadoras con contrato fixo ou indefinido da entidade		

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN**
ANEXO I
(continuación)

RELACIÓN DE FACTURAS OU ORZAMENTOS

Nº ORDE	Concepto subvencionable (artigo 6 das bases reguladoras) (segundo relación despregable)	Concepto do gasto	Tipo de documento (orçamento, factura...)	Número de orçamento/ factura/ <i>pro forma</i>	Data do orçamento/ factura/ <i>pro forma</i> ...	% de imputación ao programa	Importe orzamento (SEN IVE)
TOTAL							


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO I
(continuación)

IMPORTE TOTAL DA AXUDA SOLICITADA (cubrirao automaticamente a Administración)

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES (artigo 6 das bases reguladoras)	TOTAL IMPORTE ORZAMENTOS (SEN IVE)	% DA AXUDA	TOTAL AXUDA SOLICITADA
1. Equipamento informático		80 %	
2. Adquisición e desenvolvemento de software e páxinas web		80 %	
3. Márketing, comunicación ou relanzamento comercial		80 %	
4. Mellora na eficiencia enerxética		80 %	
5. Adquisición de equipamento		80 %	
6. Reforma do centro de traballo		80 %	
7. Mobiliario		80 %	
8. Obtención de certificacións de calidade		80 %	
9. Creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade		80 %	
10. Plan de protección de datos		80 %	
11. Elementos de transporte		80 %	
12. Actividades formativas para persoas socias RETA		80 %	
TOTAL		80 %	

PAGAMENTO ANTICIPADO

O pagamento anticipado realizarase de oficio. No caso de que a entidade interesada se opoña, deberá indicalo no recadro correspondente.	OPÓÑOME
Pagamento anticipado	☐

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que, en relación coas axudas *de minimis* (artigo 9.1 das bases reguladoras):

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

3. Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* nos tres anos previos (Regulamento (UE) 2023/2831), durante o exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios fiscais anteriores (Regulamento (UE) núm. 1408/2013 e Regulamento (UE) núm. 717/2014) e/ou durante calquera período de 3 anos (Regulamento (UE) núm. 2023/2832) as seguintes axudas (artigo 9 das bases reguladoras):

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

4. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
5. Que a entidade solicitante ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
6. Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
7. Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 5.2 da orde de convocatoria.
9. Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 23 das bases reguladoras.
10. Que a entidade solicitante acepta as obrigas reguladas nesta orde para ser beneficiaria da axuda, así como a aceptación da axuda.
11. Que se someterá ás actuacións de control, comprobación ou inspección que efectuará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e ás de control financeiro que lles correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado.



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ No caso de estar realizado o servizo ou feito o investimento, a correspondente factura; de non ser así, orzamento ou factura <i>pro forma</i> .		
☐ De conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de que o importe do gasto subvencionable supere a contía prevista para o contrato menor no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, (artigo 11.1.b) da orde de convocatoria:		
☐ Tres ofertas de diferentes persoas físicas ou xurídicas provedoras, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.		
☐ Memoria da elección entre as ofertas presentadas cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.		
☐ Declaración responsable de persoas e empresas vinculadas, en que se acredite que as ofertas presentadas non corresponden a empresas vinculadas á solicitante nin a persoas relacionadas con ela ata o 4º grao de consanguinidade ou afinidade.		
☐ Certificación acreditativa de ter presentados no rexistro correspondente ou aprobadas pola asemblea xeral, segundo corresponda, as contas anuais do último exercicio (agás no suposto das cooperativas, o cal se comprobará de oficio).		
☐ Breve memoria explicativa dos investimentos que se v aian realizar coa solicitude da axuda. No caso de que a entidade solicitante teña máis dunha actividade económica, deberá especificarse a cal delas van destinados os ditos investimentos.		
☐ Cando se actúe mediante representación, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da persoa representada, agás inscrición no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia.		
ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificación de estar ao día nas obrigas coa Atriga	☐
Certificación de estar ao día nas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social	☐
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Consulta de concesións de subvencións e axudas	☐
Consulta de concesións pola regra <i>de minimis</i>	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
NIF da entidade representante	☐ Si ☐ Non
Certificación de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	☐ Si ☐ Non
Alta no imposto de actividades económicas da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída á persoa responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1., letras c) e e), do RCPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, a rectificación, a oposición, a limitación, a portabilidade e a supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 23 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono consolida economía social e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2026 (código de procedemento TR802L).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN**ANEXO II****SOLICITUDE DE PAGAMENTO**
TR802L – BONO CONSOLIDA ECONOMÍA SOCIAL**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE****IDENTIFICACIÓN**

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**IDENTIFICACIÓN**

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO II
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que, en relación coas axudas *de minimis* (artigo 9.1 das bases reguladoras):

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

3. Que esta entidade ten concedidas en réxime de *minimis* nos tres anos previos (Regulamento (UE) núm. 2023/2831), durante o exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios fiscais anteriores (Regulamento (UE) núm. 1408/2013 e Regulamento (UE) núm. 717/2014) e/ou durante calquera período de 3 anos (Regulamento (UE) núm. 2023/2832) as seguintes axudas (artigo 9 das bases reguladoras):

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

4. Que para os efectos do artigo 11.1.b) destas bases reguladoras, non existe vinculación coas persoas ou empresas das ofertas presentadas.

RELACIÓN DE FACTURAS XUSTIFICATIVAS (OU OUTROS DOCUMENTOS DE VALOR PROBATORIO) DOS GASTOS REALIZADOS

Nº ORDE	Concepto subvencionable (artigo 6 das bases reguladoras) (segundo relación despregable)	Concepto do gasto	Número da factura	Data da factura	Importe da factura (SEN IVE)	% de imputación ao programa	Importe que xustifica
TOTAL							



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO II
(continuación)

IMPORTE TOTAL DA AXUDA SOLICITADA (cubrirao automaticamente a Administración)

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES (artigo 6 das bases reguladoras)	ORZAMENTO EXECUTADO ¹	% DA AXUDA	PAGAMENTO SOLICITADO
1. Equipamento informático		80 %	
2. Adquisición e desenvolvemento de software e páxinas web		80 %	
3. Márketing, comunicación ou relanzamento comercial		80 %	
4. Mellora na eficiencia enerxética		80 %	
5. Adquisición de equipamento		80 %	
6. Reforma do centro de traballo		80 %	
7. Mobiliario		80 %	
8. Obtención de certificacións de calidade		80 %	
9. Creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade		80 %	
10. Plan de protección de datos		80 %	
11. Elementos de transporte		80 %	
12. Actividades formativas para persoas socias RETA		80 %	
TOTAL		80 %	

(1) Suma das cantidades da columna de "Importe que xustifica" da táboa anterior para cada concepto subvencionable desta tabla.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.

Documentación xustificativa dos gastos realizados:

- ☐ Memoria explicativa das actuacións xunto con fotografías dos investimentos realizados, se é o caso. No caso da elaboración do plan de protección de datos, a copia do plan elaborado, asinado electrónicamente pola persoa prestadora do servizo. No caso das actividades formativas, a memoria describirá os contidos da formación, o calendario de actividades e o número de horas que se impartiron, así como a listaxe das persoas socias que a recibiron, desagregada por sexo, e a cualificación que estas obtiveron na avaliación da aprendizaxe.
- ☐ Gastos por reforma do local de negocio: fotografías dos investimentos realizados. Deberase entregar unha fotografía do local antes da reforma e outra feita despois.
- ☐ Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 24.g) da orde de convocatoria.
- ☐ Breve documento explicativo do procedemento e da denominación desagregada (contas e subcontas, códigos...) empregados para manter os gastos financiados de forma separada na contabilidade.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

OPÓÑOME Á CONSULTA

Certificación de atoparse ao día nas obrigas coa Atriga



Certificación de atoparse ao día nas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social



CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

AUTORIZO A CONSULTA

Certificación de atoparse ao día nas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria

☐ Si ☐ NonXUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO II
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1., letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, a rectificación, a oposición, a limitación, a portabilidade e a supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e nos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

CVE-DOG: rangloy4-e1x5-env8-kf18-jba6qxsywdv3

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>